

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

13981 *REAL DECRETO 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. («BOE» 167, do 13-7-2002.)*

A Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na súa disposición derradeira segunda autoriza o Consello de Ministros a dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias. Así mesmo, son cuantiosos os artigos da citada lei —artigos 1.2, 11.6 e 7, 12.3, 16.1.c) e 2, 18.1 e 4, 19.1, 30.2 e 4, 49.1, 82.2 e 4 e 86.2, entre outros— que prevén o seu desenvolvemento por vía regulamentaria. Para estes efectos, procedeuse á elaboración do regulamento de execución da lei, ordenándoo en oito títulos, tres disposicións adicionais e tres disposicións transitorias.

Este real decreto e o regulamento executivo que aproba dítanse ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista polo artigo 149.1.9.^a da Constitución.

O título I destínase a regula-la solicitude de rexistro como conxunto de documentos esenciais non só para obte-la protección solicitada senón tamén para delimitar, fronte ós terceiros, os elementos constitutivos do dereito solicitado. Con esta finalidade establécense pormenorizadamente os requisitos que ten que cumpra-la identificación do solicitante, a reprodución do signo en que consista a marca e o seu ámbito de protección, é dicir, os produtos e servizos a que se aplicará no mercado. Dentro deste mesmo título regúlase a presentación da solicitude e a reivindicación dos dereitos de prioridade unionista e de exposicións (Convenio da Unión de París para a Protección da Propiedade Industrial do 20 de marzo de 1883), tamén como elementos esenciais do dereito solicitado, en canto fixan a data de nacemento deste, se a solicitude fose concedida, e, polo tanto, a preferencia ou prelación do dito dereito fronte a outros posteriores incompatibles con el.

O título II versa sobre o procedemento de rexistro e consta de seis capítulos, en consonancia coas seis fases procedementais fundamentais do rexistro dos signos distintivos. O capítulo I regula o exame de forma da solicitude, establecendo os distintos elementos que comprende o dito exame: requisitos relativos á data de presentación (documentación mínima), ás formalidades da solicitude e á lexitimación do solicitante. Prevese a posibilidade de que todos estes requisitos sexan examinados nun único acto e fíxanse as condicións en que os órganos competentes das comunidades autónomas teñen que remiti-la solicitude, con todo o actuado, á Oficina Española de Patentes e Marcas. O capítulo II regula o exame de licitude da marca solicitada, sen a superación do cal a solicitude de marca non poderá ser publicada por incorrer en defectos atinentes á orde pública ou os bos costumes. O capítulo III fixa detalladamente os elementos da solicitude de marca que teñen que ser publicados no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para coñecemento e defensa, vía oposición, de posibles terceiros interesados. Previamente a esta publicación, a Oficina Española de Patentes e Marcas deberá ter efectuado unha busca de anterioridades respecto da solicitude presentada e, segundo os resultados desta busca, informar da publicación da nova solicitude ós titulares de signos anteriores que puidesen formular xustificadamente unha oposición contra ela. O capítulo IV establece os requisitos formais que deben concorrer na formulación do escrito

de oposición e os motivos que poden determina-la súa inadmisión. O capítulo V regula o exame de fondo e a resolución final do expediente, previndo o oportuno e preceptivo tramite de audiencia ó solicitante para a defensa da súa solicitude, no suposto de que esta tivese oposicións ou fose reparada de oficio pola Administración. Finalmente, o capítulo VI, referido ó rexistro da marca, establece as mencións e datos que teñen que constar na publicación da concesión da marca e no seu título rexistro.

O título III desenvolve todo o concernente á renovación do rexistro da marca: contido da solicitude, renovación solicitada por habente dereito e procedemento de renovación.

O título IV regula a transmisión da marca, outorgamento de licencias sobre ela, constitución de dereitos reais e demais modificacións de dereitos, así como o procedemento de inscrición, cancelación ou modificación destes dereitos ou negocios no Rexistro de Marcas.

O título V destínase exclusivamente a regula-la renuncia da marca, tanto total como parcial, e o procedemento da súa inscrición.

O título VI, marcas colectivas e de garantía e nomes comerciais, establece, en relación con estes signos distintivos, o principio normativo da aplicación, mutatis mutandis, das normas previstas no regulamento para as marcas individuais, precisando, non obstante, certas especificidades destas modalidades rexistradas e o contido do regulamento de uso e a súa modificación, no caso das marcas colectivas ou de garantía.

O título VII versa sobre certas solicitudes e procedementos propios e específicos das marcas internacionais e comunitarias. En concreto, desenvólvese o exame preliminar da solicitude de rexistro internacional e as solicitudes de transformación dos rexistros internacionais e marcas comunitarias.

O título VIII prevé as disposicións xerais sobre os distintos procedementos e consta de seis capítulos. O capítulo I precisa todo o referente á modificación da solicitude ou rexistro da marca, así como a rectificación de erros e os cambios de nome ou enderezo do interesado ou representante. O capítulo II regula a división da solicitude ou rexistro da marca, figura de novo cuño, imposta polo Tratado sobre o dereito de marcas do 27 de outubro de 1994 (ratificado por Instrumento de 13 de novembro de 1998). O capítulo III desenvolve a solicitude e o procedemento de restablecemento de dereitos, figura tamén novedosa, que se recibe do dereito comunitario de marcas e europeo de patentes. O capítulo IV destínase a precisar certos elementos referidos ás notificacións e comunicacións dos interesados, abríndose á nova sociedade da información. O capítulo V conságrase ó Rexistro de Marcas e á información ó público, establecendo minuciosamente os datos que teñen que inscribirse no dito rexistro e os diferentes modos en que os interesados poden acceder á información pública contida nel. Finalmente, o capítulo VI precisa determinadas cuestións relacionadas coa representación, debendo destacarse a admisión de poderes xerais de representación.

Pola súa parte, a disposición adicional primeira desenvolve a disposición adicional cuarta da lei, explicitando o sentido do vocábulo «trámite» dentro do ámbito dos procedementos en materia da propiedade industrial. A disposición adicional segunda, en desenvolvemento da disposición adicional sétima da lei, prevé a aplicación, mutatis mutandis, das disposicións do regulamento, referidas ó restablecemento de dereitos, ás demais modalidades de propiedade industrial. Finalmente, a disposición adicional terceira establece como principio xeral do cómputo dos prazos administrativos o previsto no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por último, as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira regulan certos procedementos de carácter intertemporal, como son a renovación por unha soa vez dos rótulos de establecemento, a clasificación dos nomes comerciais conforme a clasificación internacional e a fusión de rexistros.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xullo de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

Apróbase o Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, co texto que se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ó disposto no regulamento que se aproba por este real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) O Regulamento para a execución da Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 645/1990, do 18 de maio.

b) O Regulamento dos procedementos relativos á concesión, mantemento e modificación dos dereitos de propiedade industrial, aprobado polo Real decreto 441/1994, do 11 de marzo, en canto afecta ás marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149.1.9.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 31 de xullo de 2002.

Dado en Madrid o 12 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Ciencia e Tecnoloxía,
JOSEP PIQUÉ I CAMPS

REGULAMENTO PARA A EXECUCIÓN DA LEI 17/2001, DO 7 DE DECEMBRO, DE MARCAS

TÍTULO I

Solicitud de rexistro

Artigo 1. *Contido da solicitude de rexistro.*

1. A solicitude de rexistro de marca deberá conter:

a) Unha petición de rexistro da marca.

b) O nome, enderezo e nacionalidade do solicitante, así como o estado no que teña o seu domicilio, a súa

sede ou un establecemento industrial ou comercial serio e efectivo. No suposto de que a solicitude se presentase nunha comunidade autónoma distinta da do domicilio do solicitante, indicación do establecemento industrial ou comercial serio e efectivo que se posúe no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude; esta última indicación non será necesaria se o solicitante actúa por medio de representante e este tivese o seu domicilio ou unha sucursal seria e efectiva no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude. Cando o solicitante sexa unha persoa física, indícarase o seu nome e apelidos; e cando sexa unha persoa xurídica, a súa denominación social completa. Para efectos de notificacións, poderase indicar outro enderezo postal. Así mesmo, poderase indicalo número de teléfono, telefax, correo electrónico ou outro medio de comunicación, indicando de entre elas a forma preferente de notificación. No suposto de que houberse varios solicitantes, especificarase o enderezo ou medio de comunicación dun deles para efectos de notificacións; de non facerse así, as notificacións dirixiránse ó solicitante mencionado en primeiro lugar na solicitude.

c) Se o enderezo do solicitante se encontrase fóra do territorio español, indicación dun enderezo en España para efectos de notificacións, salvo que se actúe por medio de representante con domicilio en España.

d) A reprodución da marca de conformidade co previsto no artigo 2 deste regulamento.

e) A lista de produtos ou servizos para os que se solicite o rexistro da marca, de acordo co establecido no artigo 3 deste regulamento.

f) Cando o solicitante actúe por medio dun representante, o nome e enderezo deste de conformidade coa alínea b), indicando, cando proceda conforme o previsto no punto 4 do artigo 11 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, a sucursal seria e efectiva que se posúe no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude. Esta última indicación non será necesaria se o solicitante ten o seu domicilio, a súa sede ou un establecemento industrial ou comercial serio e efectivo no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude.

g) Cando o solicitante desexe prevalerse da prioridade dunha solicitude anterior, de conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 17/2001, unha declaración en tal sentido na que se indique o país e data de presentación da dita solicitude anterior e, a ser posible, o seu número, e se a reivindicación da prioridade non se aplica a tódolos produtos ou servizos enumerados na solicitude, a indicación dos produtos ou servizos a que a dita reivindicación se refira.

h) Cando o solicitante desexe prevalerse da prioridade de exposición, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 17/2001, unha declaración en tal sentido na que se indique a denominación da exposición e a data da primeira presentación dos produtos ou servizos, e se a reivindicación da prioridade non se aplica a tódolos produtos ou servizos enumerados na solicitude, a indicación dos afectados pola dita reivindicación.

i) Cando proceda, unha mención de que a solicitude se refire ó rexistro dunha marca colectiva ou de garantía de conformidade co disposto, respectivamente, nos artigos 62 e 68 da Lei 17/2001.

j) Cando a solicitude se refira ó rexistro dunha marca por transformación dun rexistro internacional, unha mención no dito sentido, con indicación do número e data do rexistro internacional e se está concedido ou pendente de concesión en España, de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 17/2001.

k) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. A solicitude de marca colectiva e de garantía deberán incluí-lo seu regulamento de uso.

Artigo 2. *Reproducción da marca.*

1. Se o solicitante non desexase reivindicar ningunha representación gráfica, son, forma ou cor específicos, a marca reproducirase na solicitude en escritura normal mediante letras maiúsculas, cifras e signos de puntuación mecanografados ou impresos por calquera outro medio adecuado. Neste caso, o solicitante deberá efectuar na solicitude unha declaración en tal sentido e a marca publicarse e rexistrarse nos caracteres estándar que utilice a Oficina Española de Patentes e Marcas. No «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» publicarse o conxunto de caracteres estándar utilizados pola dita Oficina.

2. En tódolos demais casos non establecidos no punto 1 adherirse ou imprimirse unha reprodución da marca no punto correspondente da solicitude. As dimensións desta reprodución non excederán de 8 centímetros × 12 centímetros e deberá posuí-lo suficiente contraste e nitidez como para permitir unha reprodución clara dela. En follas á parte de formato DIN A4 xuntaranse catro reproducións máis da marca idénticas á incorporada á solicitude de rexistro. Nos casos en que non sexa evidente, indicarse a posición correcta da marca coa mención «parte superior» en cada reprodución. Nas follas separadas tamén deberá figura-lo nome e o enderezo do solicitante.

3. Nos casos ós que se aplique o disposto no punto anterior farase mención na solicitude da natureza gráfica, tridimensional, sonora, mixta ou denominativa en caracteres non estándar da marca solicitada. Na solicitude, facultativamente, poderá figurar unha descrición escrita da marca.

4. Cando se solicite o rexistro dunha marca tridimensional, a súa reprodución consistirá nunha reprodución gráfica ou fotográfica bidimensional, podendo constar de ata seis perspectivas diferentes, sempre que se agrupen formando unha única e mesma reprodución que non exceda das dimensións establecidas no punto 2. Se a reprodución non mostrase suficientemente os detalles da marca, poderáselle esixir ó solicitante que proporcione ata seis vistas diferentes da marca e unha descrición escrita dela.

5. Cando se solicite o rexistro dunha marca en cor, farase mención disto na solicitude e indicaranse as cores que figuren na marca. A reprodución prevista no punto 2 consistirá na reprodución en cor da marca.

6. Cando se solicite o rexistro dunha marca sonora, a súa reprodución deberá ser necesariamente de carácter gráfico, podendo efectuarse mediante a súa representación en pentagrama.

7. Cando o solicitante desexe, de conformidade co previsto no artigo 21.2 da Lei 17/2001, excluír da protección solicitada algún dos elementos que conforman a marca, efectuará unha declaración neste sentido na solicitude e indicará os elementos sobre os que non reivindica un dereito exclusivo de utilización.

8. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas poderá dispor que a marca poida ser reproducida noutras dimensións ou formatos e que o número de copias da reprodución da marca poida ser inferior a catro.

Artigo 3. *Lista de productos e servicios.*

1. A lista de productos e servicios solicitada axustarase á clasificación común mencionada no artigo 1

do Acordo de Niza, relativo á Clasificación Internacional de Productos e Servicios para o Rexistro das Marcas, do 15 de xuño de 1957, na súa forma revisada e modificada vixente para España.

2. Os productos ou servicios para os que se solicite a marca enumeraranse na solicitude de modo claro e preciso, utilizando, na medida do posible, os mesmos termos e expresións cós empregados na lista alfabética da Clasificación Internacional, de tal modo que poidan clasificarse nunha soa clase da citada clasificación sen prestarse a equívocos. A natureza do producto ou servicio ó que a marca se aplique non será, en ningún caso, obstáculo para o rexistro dela. A inclusión dun producto ou servicio non poderá rexeitarse polo mero feito de non estar expresamente recollido na clasificación internacional.

3. Os productos ou servicios enumeraranse na solicitude agrupados por clases segundo a clase a que pertencen da clasificación internacional. Cada grupo irá precedido do número da clase a que corresponda, figurando na solicitude na orde seguida pola clasificación internacional.

4. A clasificación de productos e servicios só ten un alcance administrativo, de tal maneira que non poderán considerarse similares entre si productos ou servicios diversos polo feito de que figuren na mesma clase da clasificación internacional, nin disímiles porque aparezan clasificados en diferente clase.

Artigo 4. *Xustificante do pagamento da taxa de solicitude.*

1. Á solicitude de rexistro da marca deberá xuntarse o justificante do pagamento da taxa de solicitude. Este justificante consistirá no formulario que para tal efecto dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas e nel constará, ademais da taxa e importe aboado, o nome do solicitante, do representante se o houber, e o número da clase ou clases en concepto dos cales se aboa a taxa.

2. Cando o pagamento da taxa se efectúe por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, o justificante do pagamento consistirá no recibo que se expida de acordo coas características do soporte utilizado e deberá reuni-los requisitos expresados anteriormente.

Artigo 5. *Presentación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro da marca presentarse nos lugares mencionados no artigo 11 da Lei 17/2001 e de conformidade co previsto nel.

2. A solicitude deberá presentarse nos impresos normalizados que para tal efecto estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas. Non obstante, non se rexeitará a solicitude se esta é presentada no formulario internacional tipo previsto no Regulamento do Tratado sobre o Dereito de Marcas do 27 de outubro de 1994.

3. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, poderá establecer que a presentación da solicitude de rexistro de marca poida ou, se é caso, deba levarse a cabo en soporte magnético ou por medios electrónicos ou telemáticos.

4. O órgano competente para recibila solicitude fará constar nos documentos que a compoñan o número do expediente que lle correspondese e o lugar, día, hora e minuto da súa presentación. A Oficina Española de Patentes e Marcas establecerá, para o seu emprego xeneralizado polos distintos órganos competentes, sistemas normalizados de numeración e datación das solicitudes de rexistro.

5. No mesmo momento da recepción, o órgano competente expediralle ó depositante un recibo acreditativo da presentación da solicitude. Se esta fose acompañada dunha copia, verificarase a súa concordancia coa solicitude e o recibo consistirá na entrega da dita copia, na que se fará constar o número do expediente e o lugar, día, hora e minuto de presentación. De non acompañarse copia, o órgano competente poderá optar por realizala á súa custa, entregándolla ó depositante cos mesmos requisitos anteriormente sinalados ou pola expedición dun recibo no que conste o número de expediente, unha reprodución, descrición ou outra identificación da marca, a natureza e o número de documentos, e o lugar, día, hora e minuto de presentación. Cando un mesmo depositante presente simultaneamente máis de 10 solicitudes sen copia, poderá expedirse o recibo de presentación dentro dos dous días hábiles seguintes, entregándose no acto de recepción un xustificante coa indicación das solicitudes recibidas, os números de expedientes outorgados e o día, hora e minuto da súa presentación.

6. Cando a solicitude se presente nos soportes ou polos medios previstos no punto 3, o recibo expedirase de conformidade cos ditos soportes ou medios e deberá reuni-los requisitos expresados no punto anterior.

7. Dentro dos cinco días seguintes ó de recepción da solicitude, o órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Oficina Española de Patentes e Marcas unha copia da solicitude na que conste o número de expediente e o lugar, día, hora e minuto da presentación. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá establecer medios informáticos, electrónicos ou telemáticos para a transmisión inmediata da copia da solicitude ou dos datos nela contidos.

Artigo 6. *Reivindicación do dereito de prioridade unio-nista.*

1. Se na solicitude de rexistro se reivindicase a prioridade dunha ou varias solicitudes anteriores, o solicitante deberá comunica-lo número destas, se aínda non o fixera, e presentar unha copia delas certificada conforme pola oficina de orixe no prazo de tres meses, contado desde a data de presentación da solicitude de rexistro. Esta copia deberá vir acompañada dun certificado da data de presentación da solicitude anterior expedido pola citada Administración receptora e dunha tradución ó castelán, se a dita solicitude anterior non estiver redactada nesta lingua.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá dispor que as probas xustificativas da prioridade esixidas no punto anterior consten dun número menor de elementos, se a información requirida pode ser obtida por outras fontes.

Artigo 7. *Reivindicación do dereito de prioridade de exposición.*

Se na solicitude de rexistro se reivindicase prioridade de exposición, o solicitante deberá presentar un certificado expedido pola autoridade da exposición encargada da protección da propiedade industrial no prazo de tres meses, contado desde a data de presentación da solicitude de rexistro. No dito certificado farase constar que a marca foi efectivamente utilizada na exposición, o nome do seu titular, os produtos ou servicios concretos para os que foi usada, o día de inauguración da exposición e da primeira utilización pública da marca na exposición. O certificado deberá ir acompañado dun-

ha identificación da marca tal como foi realmente utilizada na exposición, debidamente certificada pola autoridade anteriormente mencionada.

TÍTULO II

Procedemento de rexistro

CAPÍTULO I

Exame de forma

Artigo 8. *Exame dos requisitos formais da solicitude necesarios para obter data de presentación.*

1. O órgano competente examinará se a solicitude inclúe:

- a) Unha indicación expresa ou implícita de que se solicita o rexistro da marca.
- b) Indicacións que permitan identifica-lo solicitante.
- c) Unha reprodución da marca.
- d) Unha lista dos produtos ou servicios para os que se solicite a marca.

2. Se do exame resultase que a solicitude non cumpre con algún dos requisitos previstos no punto anterior, o órgano competente notificaralle ó solicitante a imposibilidade de outorgar unha data de presentación á solicitude e sinalaralle as irregularidades observadas, con indicación de que, se non as emendase, será dado por desistido da súa solicitude. Para a emenda destas irregularidades outorgaráselle ó solicitante o prazo dun mes, se tivese o seu enderezo en España, ou de dous meses, se o dito enderezo estiver fóra do territorio español.

3. Se se emendasen as irregularidades sinaladas no prazo prescrito conforme o punto anterior, a data de presentación da solicitude será a do día en que o órgano competente recibise o escrito de emenda. Se as irregularidades non se emendasen na debida forma e no prazo prescrito, a solicitude terase por desistida. A resolución de desistencia seralle notificada ó solicitante.

Artigo 9. *Exame dos requisitos formais da solicitude.*

1. Unha vez efectuado o exame previsto no artigo anterior, o órgano competente procederá a examinar se a solicitude cumpre os requisitos enunciados nos artigos 1, 2, 3, 4 e 5.2 deste regulamento e, se se reivindicase prioridade, os esixidos nos seus artigos 6 e 7.

2. Se do exame efectuado resultase que a solicitude non cumpre algún dos requisitos previstos no punto anterior, o órgano competente notificaralle ó solicitante os defectos observados, outorgándolle o prazo dun mes para que proceda á súa emenda, con indicación de que, se así non o fixer, será dado por desistido total ou parcialmente da súa petición. O solicitante ó contestar ó suspenso poderá retirar, limitar, modificar ou dividi-la solicitude.

3. Se no prazo prescrito non se emendasen os defectos sinalados, darase por desistida a solicitude, agás o previsto nos puntos seguintes.

4. Se o defecto sinalado fose a falta de pagamento ou o pagamento incompleto da taxa de solicitude, e no prazo prescrito non se emendasen estas irregularidades, darase por desistida a solicitude, agás no suposto de que a contía aboada cubrise o importe da taxa de solicitude para unha ou máis clases. Neste caso, considerase desistida a solicitude unicamente respecto das clases polas que non se aboase a taxa de solicitude

s
ou se aboase parcialmente. Na falta de indicación do solicitante, consideraranse pagadas as clases incluídas en primeiro lugar na solicitude.

5. No caso de que os defectos observados se refirisen á reivindicación de prioridade, a non emenda deles só determinará a perda do dito dereito para a solicitude.

6. Cando os defectos observados só afecten a algúns dos produtos ou servizos solicitados, e estes non fosen emendados, darase por desistida a solicitude ou por perdido o dereito de prioridade unicamente respecto de tales produtos ou servizos. A resolución na que se teña por desistida total ou parcialmente a solicitude ou por perdido o dereito de prioridade notificaráselle ó solicitante.

Artigo 10. *Exame da lexitimación do solicitante.*

Cando en virtude do disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 3 da Lei 17/2001, o solicitante non puidese ser titular dunha marca en España, o órgano competente notificaralle ó solicitante e outorgaralle o prazo dun mes para que desista da solicitude ou presente as alegacións que coide oportunas, con indicación de que, se así non o fixer, será dado por desistido da súa solicitude. No caso de que o solicitante non emende este defecto, será dado por desistido da solicitude. A resolución de desistencia notificaráselle ó solicitante.

Artigo 11. *Notificación conxunta de defectos e prazo de emenda.*

1. Tódolos defectos en que incorrese a solicitude, tanto por incumprimento dos requisitos esixidos no artigo 8.1 como por incumprimento dos esixidos nos artigos 9.1 e 10 deste regulamento, poderán ser comunicados ó solicitante conxuntamente mediante unha única notificación.

2. O órgano competente outorgaralle ó solicitante, para a emenda dos defectos sinalados, o prazo dun mes, se o solicitante tiver o seu enderezo dentro do territorio español, ou dous meses, se o tiver fóra de España e algún dos defectos sinalados se basease no incumprimento dos requisitos previstos no artigo 8.1 deste regulamento.

Artigo 12. *Remisión da solicitude.*

1. A remisión das solicitudes, con todo o actuado, e as notificacións previstas no artigo 17 da Lei 17/2001, por parte dos órganos competentes das comunidades autónomas, poderán efectuarse por medios electrónicos ou telemáticos cando así se dispoña por orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía. As condicións xerais e os requisitos e características técnicas destas comunicacións serán fixadas por resolución do director da Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. As solicitudes que non tivesen defectos ou que fosen emendadas serán remitidas inmediatamente á Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Se unha solicitude fose tida por desistida parcialmente, só se remitirá cando esa resolución fose firme, salvo que, por unha división da solicitude presentada na contestación ó suspenso ou na interposición do recurso, a parte da solicitude que non incorrese en defectos constituíse o obxecto dunha solicitude divisional; neste caso remitirase como tal solicitude divisional, conforme o previsto no artigo 46.5 deste regulamento.

4. O acordo de desistencia será comunicado á Oficina Española de Patentes e Marcas polo órgano competente da correspondente comunidade autónoma cando sexa firme, salvo que este fose obxecto de recurso; neste caso, ademais do dito acordo, comunicarase a interposición do recurso, a súa resolución e, se procede, os recursos xurisdiccionais interpostos contra aquela e sentencias recaídas.

CAPÍTULO II

Exame de licitude

Artigo 13. *Exame de licitude.*

1. Recibida a solicitude de rexistro de marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá a examinar se esta incorre na prohibición prevista no artigo 5.1.f) da Lei 17/2001 e se padece algún defecto que imposibilite a súa publicación.

2. Se do exame efectuado resultase que a solicitude incorre, para a totalidade ou parte dos produtos ou servizos solicitados, na prohibición ou nalgún dos defectos a que se refire o punto 1, decretarase a suspensión do expediente e comunicaráselle ó solicitante os defectos ou motivos de denegación detectados, outorgándolle o prazo dun mes para que os emende ou os conteste. Cando o motivo do suspenso se refirise a un defecto formal, indicaráselle ó interesado que, se non o emendase, será dado por desistido total ou parcialmente da súa petición.

3. Na contestación ó suspenso, o solicitante poderá retirar, limitar, modificar ou dividi-la solicitude.

4. No caso de que o solicitante non supere os reparos sinalados, a Oficina Española de Patentes e Marcas terá por desistida ou denegará a solicitude total ou parcialmente; estas resolucións notificaráselle ó solicitante. No caso de desistencia ou denegación parcial, a parte da solicitude que non incorra en ningún reparo non será publicada ata que esta resolución sexa firme, salvo que, por unha división da solicitude presentada na contestación ó suspenso ou na interposición do recurso, esta parte da solicitude constituíse o obxecto dunha solicitude divisional; neste caso publicarase como tal solicitude divisional.

Artigo 14. *Exame conxunto de licitude e forma.*

1. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas fose o órgano competente para recibir e examinar formalmente a solicitude, poderá efectua-lo exame de licitude conxuntamente co exame de forma previsto no capítulo anterior, comunicándolle ó solicitante mediante unha única notificación tanto os defectos de forma como os de licitude que observase.

2. No caso de efectuarse o exame conxunto, observarase o disposto no punto 2 do artigo 11 deste regulamento.

CAPÍTULO III

Busca de anterioridades e publicación da solicitude

Artigo 15. *Busca de anterioridades.*

1. Se a solicitude de rexistro de marca non incorrese nos motivos de denegación ou defectos recollidos no

artigo anterior ou estes fosen emendados, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá a efectuar unha busca informática sobre os signos anteriores inscritos no Rexistro de Marcas que en virtude dos artigos 6 e 7 da Lei 17/2001 puidesen oporse ó rexistro da marca solicitada e a existencia das cales fose descuberta.

2. Simultaneamente á orde de publicación da solicitude de rexistro da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas informará desta publicación ós titulares dos signos anteriores que fosen descubertos na busca efectuada. Esta información comunicaráselles ós ditos titulares ou ós seus representantes, se os houber, de acordo co disposto no artigo 49 deste regulamento.

Artigo 16. *Publicación da solicitude.*

1. Superado o exame previsto no artigo 13 e efectuada a busca de anterioridades recollida no artigo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas ordenará a publicación da solicitude de rexistro da marca no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. A publicación da solicitude deberá incluír:

a) O nome e o enderezo do solicitante; se houber varios, unicamente se incluírá, seguido da mención «e outros», o nome e enderezo do solicitante que fose designado para recibir as notificacións ou, no seu defecto, do que fose mencionado en primeiro lugar na solicitude.

b) Se o houber, o nome e o enderezo do representante, sempre que non se trate do representante a que se refire o punto 3 do artigo 56 deste regulamento.

c) Número do expediente, data de presentación e data de recepción da solicitude na Oficina Española de Patentes e Marcas nos casos en que esta lle fose remitida conforme o disposto no artigo 12 deste regulamento.

d) A reprodución da marca xunto coas indicacións, se procedesen, da súa natureza sonora, tridimensional ou denominativa en caracteres estándar. Se se efectuase unha descrición da marca ou a declaración prevista no punto 7 do artigo 2 deste regulamento, tamén se incluírán estas na publicación. Cando se solicite a marca en cor, a publicación efectuarase en cor e indicaranse as cores de que se compoñe a marca.

e) A lista dos produtos e servizos, agrupados por clases conforme a Clasificación Internacional. Cada grupo de produtos ou servizos irá precedido do número da clase a que pertencen e presentado na mesma orde que segue a Clasificación Internacional.

f) Cando se reivindique prioridade unionista ou de exposición, país, número e data da solicitude da que se reivindica a prioridade unionista ou nome da exposición e data da primeira presentación.

g) Cando proceda, a indicación de que se trata dunha marca colectiva ou de garantía.

3. A publicación dunha solicitude de marca por transformación dun rexistro internacional ou solicitude de marca comunitaria deberá incluír, ademais dos datos recollidos no punto anterior:

a) Unha indicación de que se trata dunha solicitude de transformación.

b) O número do rexistro internacional ou da solicitude de marca comunitaria de que proceda.

c) A data do rexistro internacional ou de presentación da solicitude de marca comunitaria.

d) Se gozase de dereito de prioridade, as mencións sinaladas na alínea f) do punto anterior.

e) Se se reivindicase antigüidade dunha marca española ou con efectos en España, o número e a data de presentación ou, se é o caso, de prioridade do rexistro do que se reivindica a antigüidade.

CAPÍTULO IV

Oposicións e observacións de terceiros

Artigo 17. *Presentación e contido do escrito de oposición.*

1. Calquera persoa que se considere prexudicada poderá formular ante a Oficina Española de Patentes e Marcas oposición ó rexistro dunha marca no prazo de dous meses contados desde a data de publicación da solicitude da dita marca no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. O escrito de oposición deberá presentarse por duplicado e nel deberán figura-los seguintes datos:

a) O número de expediente, data de publicación e nome do solicitante da marca contra a que se formula a oposición.

b) Indicación clara e inequívoca dos produtos ou servizos enumerados na solicitude da marca contra os que se presenta a oposición, con indicación da clase na que estean ordenados.

c) O nome e enderezo, de acordo co disposto nas alíneas b) e c) do artigo 1.1 deste regulamento, da persoa que formula a oposición.

d) No caso de que se actúe por medio de representante, o nome e enderezo deste, de acordo co previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.

e) Se a oposición se basea nalgún dos motivos previstos no artigo 5.1 da Lei 17/2001, unha indicación en tal sentido, especificando a prohibición absoluta en que se funda en concreto a oposición.

f) Cando a oposición se basee nunha marca anterior, o número desta, a súa data de presentación e prioridade, e se esta está solicitada ou rexistrada.

g) Se a oposición se basea nunha marca anterior notoriamente coñecida no sentido do artigo 6.2.d) da Lei 17/2001, unha indicación en tal sentido.

h) Se a oposición se basea nunha marca anterior notoria ou de sona no sentido do artigo 8 da Lei 17/2001, unha indicación en tal sentido.

i) No caso de que a oposición se basee nun dos dereitos anteriores recollidos nos artigos 9 e 10 da Lei 17/2001, unha indicación en tal sentido.

j) Cando proceda, unha representación e descrición do dereito ou marca anteriores non rexistrados na Oficina Española de Patentes e Marcas.

k) Os produtos e servizos para os que a marca anterior fose rexistrada ou solicitada, ou para os que a marca anterior sexa notoriamente coñecida no sentido do artigo 6.2.d) da Lei 17/2001, ou goce de notoriedade ou sona conforme o establecido no artigo 8 da citada lei. O opoñente deberá incluír soamente os produtos ou servizos protexidos pola marca anterior nos que se basee a oposición.

l) As razóns, motivos ou fundamentos en que se basea a oposición.

m) A sinatura do interesado ou do seu representante.

n) O xustificante de pagamento da taxa de oposición.

3. O disposto neste capítulo será aplicable, no que proceda, á formulación de observacións de terceiro conforme o previsto no artigo 19.3 da Lei 17/2001.

Artigo 18. *Presentación de probas e documentos.*

1. O escrito de oposición poderá ser acompañado dos documentos e probas que se consideren pertinentes.

2. Se a oposición se basea nunha marca comunitaria, o escrito de oposición irá acompañado preferentemente de probas do rexistro ou da solicitude da dita marca comunitaria, tales como un certificado de rexistro ou depósito da solicitude. Cando a oposición se basee nunha marca non rexistrada notoriamente coñecida, conforme o previsto no artigo 6.2.d) da Lei 17/2001, ou nunha marca rexistrada notoria ou de sona, conforme o previsto no artigo 8 da dita lei, o escrito de oposición irá acompañado preferentemente das probas que acrediten o carácter notorio ou de sona das ditas marcas anteriores. Se a oposición se basea nalgún dos dereitos anteriores contemplados nos artigos 9 e 10 da citada lei, o escrito de oposición irá acompañado das probas adecuadas que acrediten a titularidade e o ámbito de protección de tales dereitos anteriores.

3. Os documentos acreditativos a que se refiren os puntos anteriores, así como calquera outro documento ou proba xustificativa, deberán presentarse co escrito de oposición ou con posterioridade a este, pero sempre antes da data en que se dese traslado da oposición ó solicitante.

Artigo 19. *Inadmisión ou desistencia da oposición.*

1. Se o escrito de oposición non se presentase dentro do prazo previsto no artigo 17.1 do regulamento, ou non se aboase a taxa de oposición, ou se o dito escrito non permitise identificar inequivocamente a solicitude contra a que se formula a oposición ou a marca ou o dereito anterior en virtude dos cales se presenta a oposición, a Oficina Española de Patentes e Marcas non admitirá a oposición.

2. Se o escrito de oposición non se axusta ás demais disposicións da Lei 17/2001 ou do presente regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificará as irregularidades observadas ó opoñente para que no prazo de dez días as emende. Se non se emendasen estas irregularidades no prazo prescrito, terase por desistida a oposición.

CAPÍTULO V

Exame de fondo e resolución do expediente

Artigo 20. *Exame de oficio e suspensión do expediente.*

1. Transcorrido o prazo para a presentación de oposicións, fosen estas presentadas ou non, a Oficina Española de Patentes e Marcas realizará o exame de fondo previsto no artigo 20.1 da Lei 17/2001.

2. Se do exame efectuado resultase que a solicitude incorre, para a totalidade ou parte dos produtos ou servicios solicitados, nalgunha prohibición ou defecto conforme o previsto no artigo 20.1 da Lei 17/2001 ou se presentasen oposicións ou observacións de terceiro e estas non fosen inadmitidas ou tidas por desistidas conforme o disposto no artigo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas decretará a suspensión do expediente e comunicarallo ó solicitante os reparos de oficio observados e as oposicións ou observacións formuladas para que no prazo dun mes, contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», presente as súas alegacións, contestando ó suspenso decretado.

Artigo 21. *Contestación ó suspenso.*

1. O escrito de contestación ó suspenso deberá especifica-los datos identificativos da solicitude de rexis-

tro, a data de publicación do suspenso, as causas que o motivaron e cantas alegacións ou probas se estimen pertinentes para a defensa do rexistro da marca.

2. Na contestación ó suspenso, o solicitante poderá retirar, limitar, modificar ou dividi-la solicitude conforme o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 17/2001 ou, se procedese, presenta-la declaración prevista no punto 2 do artigo 21 da dita lei.

3. Toda modificación ou división da solicitude deberá acompañarse, respectivamente, da documentación prevista nos artigos 43 e 46 deste regulamento.

Artigo 22. *Resolución do expediente.*

1. Transcorrido o prazo prescrito para a contestación ó suspenso, contestase ou non o solicitante, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá o expediente, acordando a concesión ou denegación total ou parcial do rexistro da marca, especificando, sucintamente, os motivos e dereitos anteriores causantes da denegación.

2. No suposto de que na contestación ó suspenso se dividise a solicitude, separando os produtos ou servicios afectados polo suspenso dos non afectados, a Oficina Española de Patentes e Marcas, unha vez admitida a división, acordará a concesión do rexistro da solicitude divisional non afectada polo suspenso e resolverá, conforme o punto anterior, a solicitude divisional afectada polo dito suspenso.

3. A publicación da denegación total do rexistro da marca no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» deberá incluír:

- a) Número do expediente.
- b) Nome do solicitante.
- c) Data do acordo de denegación.
- d) Data de publicación da solicitude e número e páxina do «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» en que apareceu publicada a solicitude.
- e) O número das clases para as que a marca fose denegada.
- f) No caso de renuncia parcial, limitación ou modificación efectuadas despois da publicación da solicitude, o número das clases renunciadas, limitadas ou modificadas, seguidas, nos dous últimos casos, dos produtos ou servicios tal como quedaron limitados ou modificados.

4. En caso de concesión parcial do rexistro, a publicación da parte da solicitude que fose denegada efectuarase conforme o previsto no artigo seguinte, no seu punto 2.f).

CAPÍTULO VI

Rexistro da marca

Artigo 23. *Publicación do rexistro da marca.*

1. Se do exame de oficio efectuado resultase que a solicitude de rexistro de marca non incorre nas prohibicións ou defectos establecidos no artigo 20.1 da Lei 17/2001 e non se presentasen oposicións contra ela, ou estas fosen inadmitidas, retiradas ou desestimadas total ou parcialmente, ou, tralo suspenso decretado, os defectos sinalados de oficio se tivesen por superados, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará, segundo proceda, a concesión total ou parcial do rexistro da marca e ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. A publicación da concesión do rexistro da marca no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» deberá incluír:

- a) O número do rexistro.
- b) O nome do titular do rexistro.
- c) A data de concesión do rexistro.
- d) A data do «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» en que apareceu publicada a solicitude.

e) O número das clases para as que se concede o rexistro, coa indicación de se é unha concesión total ou parcial respecto da solicitude publicada. Se a concesión do rexistro só abranguese parte dos produtos ou servicios comprendidos nalgunha das clases solicitadas e publicadas, xunto ó número destas clases indicaranse os produtos ou servicios para os que fose finalmente acordado o rexistro da marca.

f) No suposto de concesión parcial, o número das clases para as que fose denegado o rexistro da marca.

g) No caso de renuncia parcial, limitación ou modificación efectuadas polo solicitante despois da publicación da solicitude, o número das clases renunciadas, limitadas ou modificadas, seguidas, nos dous últimos casos, dos produtos ou servicios tal como quedaron limitados ou modificados.

h) Se despois da publicación da solicitude fose modificado o distintivo da marca conforme o previsto no artigo 23.2 da Lei 17/2001 ou se presentase a declaración a que se refire o artigo 21.2 da dita lei, o novo distintivo tal como quedase modificado e o contido da citada declaración.

i) Se despois da publicación da solicitude non fose concedida a prioridade unionista ou de exposición ou a antigüidade reivindicada, ou fosen modificados algún dos datos relativos a estes dereitos, unha indicación en tal sentido ou a mención do novo dato tal como quedase modificado.

3. A publicación da concesión directa do rexistro dunha marca por transformación dun rexistro internacional ou marca comunitaria deberá incluír, ademais dos datos a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 16 deste regulamento, os seguintes:

- a) Unha mención de que se trata dunha concesión directa por transformación.
- b) Data de adopción do acordo de concesión directa.
- c) Data de concesión en España do rexistro internacional transformado ou data de concesión na Oficina de Harmonización do Mercado Interior da marca comunitaria transformada, segundo proceda.

Artigo 24. *Expedición do título de rexistro da marca.*

1. Ordenada a publicación do rexistro da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas expedirá o seu título rexistro, no que figurarán os seguintes elementos:

- a) O número da marca.
- b) O nome do titular.
- c) A reprodución da marca.
- d) A data de presentación da solicitude, de concesión do rexistro e, se é caso, da prioridade outorgada.
- e) Se procedese, a descrición da marca e a indicación dos elementos non reivindicados en exclusiva.
- f) A lista de produtos ou servicios para os que quedase rexistrada, co número da Clasificación Internacional a que pertencen.

2. No suposto de marcas transformadas, ademais dos elementos sinalados no punto anterior, deberán figurar no título rexistro a marca de orixe e o seu número, a data de presentación na oficina de orixe e, se é o caso, os datos relativos á antigüidade reivindicada.

TÍTULO III

Renovación da marca

Artigo 25. *Aviso da expiración do rexistro da marca.*

Dentro dos oito meses anteriores á expiración do rexistro da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá comunicarlle ó seu titular, para efectos simplemente informativos, a próxima expiración do seu rexistro. A ausencia desta comunicación non afectará a expiración do rexistro, nin determinará a ampliación do prazo legal para efectuar a renovación.

Artigo 26. *Presentación e contido da solicitude de renovación.*

1. A solicitude de renovación deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou o órgano competente da comunidade autónoma correspondente no prazo previsto no artigo 32.3 da Lei 17/2001. A solicitude presentarse nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas. Non obstante, non se rexeitará a solicitude se esta é presentada no formulario internacional tipo previsto no regulamento do Tratado sobre o dereito de marcas do 27 de outubro de 1994.

2. A solicitude de renovación do rexistro da marca deberá incluír:

- a) Unha indicación de que se solicita a renovación da marca.
- b) Se a solicitude fose presentada polo titular da marca, o seu nome e enderezo, conforme o disposto na alínea b) do artigo 1.1 deste regulamento.
- c) Se a solicitude fose presentada por un habente dereito do titular da marca, o nome e enderezo do dito habente dereito, conforme o disposto na alínea b) do artigo 1.1 deste regulamento.
- d) No caso de que se designase representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.
- e) O número do rexistro do que solicita a renovación.
- f) A data de presentación da solicitude de marca que deu lugar ó rexistro a renovación do cal se solicita.
- g) A indicación de que a renovación se solicita para tódolos produtos e servicios amparados polo rexistro, ou só para unha parte deles. Neste último caso, indicaranse os produtos e servicios para os que se pide a renovación, agrupados segundo a clase a que pertencen da Clasificación Internacional, precedido cada grupo polo número da súa clase.
- h) Sinatura do solicitante da renovación ou do seu representante.

3. Coa solicitude de renovación deberá xuntarse o xustificante de pagamento da taxa de renovación segundo as clases que comprenda e, se é o caso, das recargas que procedan, conforme o previsto nos puntos 2 e 3 do artigo 32 da Lei 17/2001.

v
Artigo 27. Renovación solicitada por habentes dereito.

1. Cando a renovación do rexistro sexa solicitada por un habente dereito do titular, indícarase esta circunstancia na solicitude e acreditarase tal condición no correspondente expediente de cambio de titularidade. A solicitude de renovación poderá presentarse previamente á solicitude de cambio de titularidade, simultaneamente ou con posterioridade a ela. Na solicitude de renovación indícarase o número do expediente de cambio de titularidade ou, se este non fose coñecido, a data de presentación deste ou a intención de presentalo proximamente.

2. O procedemento de renovación quedará en suspenso ata a resolución do expediente de cambio de titularidade. Se a solicitude de cambio de titularidade non fose presentada, como máis tardar, antes da finalización dos prazos que establece o artigo 32.3 da Lei 17/2001, a solicitude de renovación será denegada.

Artigo 28. Procedemento de renovación.

1. Se a solicitude de renovación é presentada dentro dos prazos establecidos no artigo 32.3 da Lei 17/2001, pero non cumpre algún dos demais requisitos fixados na dita lei ou neste regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas declarará en suspenso a tramitación e notificará ó solicitante as irregularidades observadas para que as emende no prazo dun mes contado desde a publicación do dito suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. Se a solicitude non presentase irregularidades ou estas fosen emendadas no prazo prescrito, acordarase a renovación do rexistro da marca e expedirase o correspondente título de renovación. O acordo de renovación publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

3. Se as irregularidades non fosen emendadas no prazo prescrito, a solicitude de renovación será denegada. Non obstante, se a irregularidade consistise no pagamento insuficiente das taxas de renovación ou das recargas correspondentes, pero a cantidade aboada fose suficiente para cubrir algunha das clases para as que se solicitou a renovación, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará a renovación do rexistro unicamente respecto das clases das que as taxas fosen pagadas na súa totalidade, incluída a parte da recarga correspondente. Na falta de indicación do solicitante, consideraranse aboadas as clases incluídas en primeiro lugar na inscrición do rexistro.

4. O reembolso da taxa de renovación a que se refire o punto 7 do artigo 32 da Lei 17/2001, acordarase na propia resolución de denegación da renovación, pero só se aboará cando esta resolución sexa firme e por solicitude do interesado.

Artigo 29. Caducidade por falta de renovación.

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas declarará a caducidade da marca cando non se presentase unha solicitude de renovación do rexistro da marca ou esta fose presentada unha vez expirados os prazos previstos no artigo 32.3 da Lei 17/2001.

2. Así mesmo, declararase a caducidade da marca cando, sendo denegada a renovación, transcorresen os prazos a que se refire o punto anterior sen que o interesado presentase unha nova solicitude de renovación en debida forma.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará a declaración de caducidade no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e cancelará o rexistro da marca.

TÍTULO IV

Transmisións, licencias e outras modificacións de dereitos

Artigo 30. Contido da solicitude de inscrición de transmisións.

1. A solicitude de inscrición dunha transmisión de marca ou da súa solicitude deberá presentarse nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas. Non obstante, non se rexeitará a solicitude se esta é presentada no formulario internacional tipo previsto no regulamento do Tratado sobre o dereito de marcas do 27 de outubro de 1994.

2. A solicitude de inscrición de transmisión deberá incluír:

- a) O nome e enderezo do solicitante ou titular da marca (cedente).
- b) O nome e enderezo do novo titular (cesionario), conforme o disposto nas alíneas b) e c) do artigo 1.1 deste regulamento.
- c) Cando o solicitante da inscrición de transmisión actúe por medio de representante, nome e enderezo deste, conforme o previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.
- d) Indicación do documento ou acto acreditativo da transmisión.
- e) Número do rexistro ou solicitude de marca que se transmite.
- f) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. A solicitude de inscrición de transmisión deberá presentarse xunto cos seguintes documentos:

- a) Documento acreditativo da transmisión, conforme o previsto nos puntos 2 e 3 do artigo 49 da Lei 17/2001.
- b) Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

4. A solicitude de inscrición de transmisión poderá comprender varios rexistros e solicitudes de marca, a condición de que o titular rexistral actual e o novo titular sexan os mesmos para cada un dos rexistros ou solicitudes afectadas.

5. Cando o documento acreditativo da transmisión sexa algún dos previstos na alínea c) do artigo 49.2 da Lei 17/2001, estes consistirán nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo de que estes tamén poidan presentarse nos formularios internacionais tipo, conforme o previsto na última frase do punto 1 deste artigo.

Artigo 31. Transmisión parcial.

1. Cando a transmisión non afecte a tódolos produtos e servizos para os que estivese solicitada ou rexistrada a marca, na solicitude de inscrición de transmisión deberá indicarse esta circunstancia e especificarse os produtos e servizos concretos que se transmiten. Non obstante, cando a transmisión parcial afecte a totalidade dos produtos ou servizos comprendidos nunha clase, abondará con indicalo número correspondente da clase ou clases do Nomenclátor Internacional que se transmiten.

2. Coa solicitude de inscrición da transmisión parcial deberá xuntarse a documentación prevista no punto 2 do artigo 46 deste regulamento, sendo de aplicación, no que proceda, os demais puntos do dito artigo.

3. A solicitude de inscrición dunha transmisión parcial axustarase ó disposto no artigo 30 deste regulamento.

Artigo 32. *Contido da solicitude de inscrición de licencias.*

1. A solicitude de inscrición dunha licenza de marca ou da súa solicitude presentárase nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. A solicitude de inscrición de licenza deberá incluí-las mencións contidas no punto 2 do artigo 30 deste regulamento e presentarse acompañada dos documentos establecidos no punto 3 do dito artigo, se ben, referidas, neste caso, ó licenciante e licenciario, rexistros ou solicitudes licenciadas e documento acreditativo da licenza.

3. Cando o documento acreditativo da licenza sexa algún dos previstos na alínea c) do punto 2 do artigo 49 da Lei 17/2001, estes documentos consistirán nos impresos normalizados que para tal efecto estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas.

4. Na solicitude de inscrición da licenza deberase indicar se é exclusiva ou non exclusiva; total ou parcial, segundo comprenda todos ou parte dos produtos para os que está rexistrada ou solicitada a marca; ilimitada ou limitada, segundo se conceda para todo ou parte do territorio nacional; e indefinida ou temporal, segundo se outorgue para toda a vida da marca ou por un período de tempo determinado. Así mesmo, deberase indicar se o licenciario pode ceder-la licenza a terceiros ou conceder sublicencias.

5. No caso de que na solicitude de inscrición non se indicase algún dos extremos previstos no punto anterior, a licenza inscribírase conforme as presuncións legais establecidas no artigo 48 da Lei 17/2001.

Artigo 33. *Inscrición doutros dereitos.*

1. A solicitude de inscrición no Rexistro de Marcas dos demais actos e dereitos inscribíbles recollidos no artigo 46.2 da Lei 17/2001, salvo a hipoteca inmobiliaria que se rexerá polas súas disposicións específicas, axustarase ós requisitos e condicións previstas nos artigos 30 e 31 deste regulamento, debidamente adecuados á natureza do acto ou dereito que se vai inscribir. A solicitude de inscrición de opcións de compra ou constitución de dereitos reais deberá, ademais, ir acompañada de documento público, conforme o previsto no artigo 49.4 da Lei 17/2001.

2. No suposto de inscrición de embargos ou outras medidas de execución forzosa ou cando a marca estea afectada por un procedemento de quebra ou similar, a solicitude de inscrición no Rexistro de Marcas presentada pola autoridade competente non estará suxeita ó pagamento de taxas.

Artigo 34. *Procedemento de inscrición.*

1. Recibida a solicitude de inscrición do cambio de titularidade ou de calquera outra modificación de dereitos, ó órgano competente procederá conforme o previsto

no artigo 50.2 da Lei 17/2001 e expedirá ó depositante o recibo acreditativo da presentación de acordo co previsto nos puntos 5 ou 6 do artigo 5 deste regulamento. No suposto de que o órgano competente opte por emitir un recibo de presentación, neste farase constar-lo número de expediente, o rexistro ou rexistros afectados, a natureza do acto que se vai inscribir, o número de documentos presentados e o lugar, día, hora e minuto de presentación.

2. O órgano competente da comunidade autónoma que reciba a solicitude procederá conforme o previsto no punto 7 do artigo 5 deste regulamento, e a Oficina Española de Patentes e Marcas, unha vez recibidos os datos da solicitude, efectuará as anotacións rexistras procedentes.

3. O órgano competente da comunidade autónoma correspondente examinará a documentación presentada conforme o previsto no artigo 50.3 da Lei 17/2001 e se observase algunha irregularidade, comunicaralle esta ó solicitante, outorgándolle o prazo dun mes para a súa emenda. No suposto de que se solicite unha transmisión parcial, o órgano competente da comunidade autónoma tamén examinará se se acompaña a documentación prevista no artigo 31.2 deste regulamento, pero sen entrar a coñecer sobre a súa legalidade e validez.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas, unha vez recibida a solicitude de inscrición, examinaráa conforme o previsto no artigo 50.5 da Lei 17/2001 e, se observase algún defecto, suspenderá a tramitación do expediente, notificando os defectos observados ó solicitante para que no prazo dun mes, contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», presente as súas alegacións.

5. Cando o órgano competente para recibirla solicitude fose a Oficina Española de Patentes e Marcas, os exames recollidos nos puntos 3 e 5 do artigo 50 da Lei 17/2001 poderán efectuarse conxuntamente e, no caso de observarse irregularidades ou defectos, comunicarse estes ó solicitante mediante unha única notificación de suspenso para que no prazo dun mes os emende ou presente as súas alegacións.

6. A Oficina Española de Patentes e Marcas non inscribirá transmisións a favor de persoas físicas ou xurídicas que, conforme o disposto no artigo 3 da Lei 17/2001, non poidan ser titulares de marcas.

Artigo 35. *Cancelación e modificación da inscrición de licencias e doutros dereitos.*

1. A inscrición de licencias e dos actos e dereitos a que se refire o artigo 33 deste regulamento canceláranse a petición dunha das partes.

2. A solicitude de cancelación conterà as seguintes indicacións:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Número do expediente baixo o que se inscribiu o dereito que se pretende cancelar.
- c) Número da solicitude ou rexistro de marca afectado polo dereito que se ten que cancelar.
- d) Indicación do dereito que se solicita cancelar.
- e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. A solicitude de cancelación deberá presentarse xunto cos seguintes documentos:

- a) Documento público acreditativo da extinción do dereito ou declaración asinada polo licenciario ou titular do dereito consentindo na cancelación da inscrición.

v
b) Xustificante de aboamento da taxa correspondente.

4. A solicitude de cancelación presentárase e tramitárase conforme o previsto nos artigos 50 da Lei 17/2001 e 34 deste regulamento.

5. Os catro puntos anteriores serán de aplicación, coas modificacións que procedan en atención á súa distinta natureza, ás solicitudes de modificación das inscricións dos actos e dereitos a que se refire o punto 1 deste artigo. Toda solicitude de modificación da inscrición dun destes actos ou dereitos deberá acompañarse do documento público acreditativo da dita modificación ou da declaración asinada polo licenciario ou titular do dereito consentindo nela.

TÍTULO V

Renuncia da marca

Artigo 36. *Renuncia total ou parcial da marca.*

1. A solicitude de renuncia da marca de acordo co disposto no artigo 57 da lei deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou o órgano competente da comunidade autónoma correspondente e deberá incluír:

a) Unha indicación de que se solicita a renuncia parcial ou total da marca.

b) O nome e enderezo do titular da marca, conforme o disposto na alínea b) do artigo 1.1 deste regulamento.

c) O número do rexistro da marca da que se solicita a renuncia.

d) No caso de que se designase representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.

e) No suposto de que se solicite a renuncia unicamente en relación con algúns dos produtos e servizos para os que esta rexistrada a marca, os produtos e servizos para os que se efectúa a renuncia, agrupados segundo a clase a que pertencen da Clasificación Internacional, precedido cada grupo polo número da súa clase. Cando a renuncia afecte a tódolos produtos ou servizos dunha clase, abondará con indica-lo número desta clase.

f) Sinatura do titular da marca ou do seu representante.

2. Cando, de acordo co previsto no punto 3 do artigo 57 da Lei 17/2001, sexa preciso para aceptala renuncia que conste o consentimento do titular dalgún dereito inscrito sobre a marca, abondará con xuntar á solicitude unha declaración asinada polo dito titular do dereito ou polo seu representante, aceptando a dita renuncia.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a solicitude de renuncia cumpre os requisitos e condicións previstas na Lei 17/2001 e neste regulamento. No suposto de que existisen irregularidades, suspenderase a tramitación e notificaranse estas ó interesado para que no prazo dun mes, contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as conteste. Se no prazo establecido non se emendasen os defectos sinalados, denegarase a inscrición da renuncia solicitada.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» o acordo de aceptación da renuncia, especificando, en

caso de renuncia parcial, os produtos e servizos que fosen obxecto da renuncia e aqueles para os que quedase subsistente a marca. En caso de renuncia total procederase á cancelación do rexistro da marca.

TÍTULO VI

Marcas colectivas e de garantía e nomes comerciais

Artigo 37. *Disposicións aplicables.*

Sen prexuízo do disposto neste título VI, as disposicións deste regulamento serán aplicables ás marcas colectivas e de garantía e ós nomes comerciais, na medida en que non sexan incompatibles coa súa propia natureza.

Artigo 38. *Regulamento de uso das marcas colectivas e de garantía.*

1. O regulamento de uso das marcas colectivas deberá conter, polo menos, as seguintes indicacións:

a) O nome e domicilio social da asociación ou entidade de dereito público solicitante.

b) O obxecto da asociación ou da entidade de dereito público.

c) Os órganos autorizados a representar á asociación ou entidade de dereito público.

d) As condicións de afiliación á asociación.

e) As persoas autorizadas a utilizar a marca.

f) Se procede, as condicións de uso da marca, incluídas as sancións.

g) Se procede, a previsión contida no punto 2 do artigo 63 da Lei 17/2001.

2. O regulamento de uso das marcas de garantía deberá conter, polo menos, as seguintes indicacións:

a) O nome e domicilio social do solicitante da marca.

b) Os requisitos, compoñentes, elementos, condicións, orixe ou calquera outra característica que o titular da marca vai certificar ou garantir que cumpren os produtos ou servizos a que se aplique a marca.

c) As medidas que se adoptarán para verificar estas características.

d) Os sistemas de control e vixilancia do uso da marca.

e) As responsabilidades e sancións en que se poida incurrir por un uso inadecuado da marca.

f) O canon que se esixirá ós que utilicen a marca.

g) Se procede, a previsión establecida no punto 3 do artigo 69 da Lei 17/2001.

3. O regulamento de uso deberá acompañarse, no caso das marcas colectivas, dos estatutos da asociación ou entidade solicitante, debidamente constituídos e inscritos, e, no caso das marcas de garantía, do informe favorable do órgano administrativo competente en atención á natureza dos produtos ou servizos ós que se destina a marca. Cando, conforme o punto 2 do artigo 69 da Lei 17/2001, deba entenderse que o informe é favorable por silencio administrativo, deberá acreditarse este acto e a competencia do órgano ante o que se solicitou o dito informe.

4. Toda modificación do regulamento de uso deberá someterse á aprobación da Oficina Española de Patentes e Marcas. No caso das marcas de garantía, a modificación deberá acompañarse do correspondente informe

favorable emitido polo órgano competente en atención á natureza dos produtos ou servicios ós que se destine a marca. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se as modificacións solicitadas cumpren as condicións e requisitos previstos na Lei 17/2001 e neste regulamento, dando traslado, se é o caso, das irregularidades ou defectos observados ó solicitante para que no prazo dun mes as emende ou presente as súas alegacións.

5. O acordo de inscrición ou denegación da modificación do regulamento de uso publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 39. *Nomes comerciais.*

1. Na solicitude de rexistro de nome comercial indícase expresamente que se solicita esta modalidade de signo distintivo. Idéntica mención deberá efectuarse nas demais solicitudes que se presenten referidas a un nome comercial.

2. Cumpríndose as condicións previstas no punto 4 do artigo 30 deste regulamento, a solicitude de inscrición da transmisión dun nome comercial ou da súa solicitude poderá efectuarse conxuntamente con solicitudes ou rexistros de marcas.

TÍTULO VII

Marcas internacionais e comunitarias

Artigo 40. *Exame preliminar da solicitude de rexistro internacional.*

1. O órgano competente que reciba a solicitude de rexistro internacional examinará a documentación presentada conforme o previsto no punto 1 do artigo 82 da Lei 17/2001 e, se observase algunha irregularidade, comunicará esta ó solicitante, outorgándolle o prazo de dez días para a súa emenda.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas, unha vez recibida a solicitude remitida polo órgano competente da correspondente comunidade autónoma, examinará conforme o previsto no artigo 82.3 da Lei 17/2001 e, se observase algún defecto, comunicarllo ó solicitante, outorgándolle o prazo de dez días para a súa emenda.

3. Cando o órgano competente para recibirla solicitude fóra a Oficina Española de Patentes e Marcas, os exames recollidos nos puntos 1 e 3 do artigo 82 da Lei 17/2001 poderán efectuarse conxuntamente e, no caso de observarse irregularidades ou defectos, comunicarse estes ó solicitante mediante unha única notificación para que no prazo de dez días os emende ou presente as súas alegacións.

Artigo 41. *Solicitude de transformación dun rexistro internacional.*

1. Recibida a solicitude de transformación, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará:

a) Se o rexistro internacional en que se basea foi cancelado conforme o previsto no artigo 6.4 do protocolo concernente ó Acordo de Madrid do 27 de xuño de 1989.

b) Se a documentación recollida no punto 2 do artigo 83 da Lei 17/2001 foi presentada no prazo previsto no punto 1 do dito artigo da citada lei.

c) Se os produtos e servicios que comprende a solicitude de transformación estaban cubertos para España polo rexistro internacional de que procede.

2. Se do exame anteriormente efectuado se observase o incumprimento dalgún dos requisitos sinalados no punto anterior, comunicáranse os defectos observados ó solicitante para que no prazo dun mes presente as súas alegacións. A Oficina Española de Patentes e Marcas terá por desistida a solicitude de transformación se na contestación presentada o solicitante non xustificase o cumprimento dos ditos requisitos ou non presentase a correspondente limitación ou modificación dos produtos e servicios, axustados ós efectivamente cubertos polo rexistro internacional.

3. Superado este exame, a solicitude de transformación tramitarase como unha solicitude de marca nacional, agás no caso de que se trate da transformación dun rexistro internacional xa concedido para España; neste caso aplicarase o disposto no punto 3 do artigo 83 da Lei 17/2001 e non se efectuará a publicación da solicitude, senón da concesión do rexistro de acordo co previsto no artigo 23.3 deste regulamento.

Artigo 42. *Solicitude de transformación dunha marca comunitaria.*

1. A solicitude de transformación dunha marca comunitaria non será preciso que se acompañe do formulario de solicitude de rexistro previsto no artigo 1, pero no prazo de dous meses, contados desde a recepción da petición de transformación pola Oficina Española de Patentes e Marcas, o solicitante deberá xunta-los documentos e cumpri-los requisitos previstos no punto 2 do artigo 86 da Lei 17/2001.

2. Cando, conforme o punto 3 do artigo 86 da Lei 17/2001, a Oficina Española de Patentes e Marcas considere que a solicitude de transformación non pode ser aceptada por concorrer algún dos motivos previstos no artigo 108.2 do regulamento (CE) 40/94 do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, notificarallo ó solicitante, outorgándolle o prazo dun mes para que presente as súas alegacións. Este mesmo prazo concederáselle ó solicitante cando, conforme o punto 4 do citado artigo da citada lei, se considere que a marca comunitaria non pode ser concedida directamente. Recibida a contestación do solicitante, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá o procedente.

3. No suposto de transformación dunha marca comunitaria xa rexistrada, aplicarase o previsto no punto 4 do artigo 86 da Lei 17/2001 e non se efectuará a publicación da solicitude, senón da concesión do rexistro de acordo co previsto no artigo 23.3 deste regulamento.

TÍTULO VIII

Disposicións xerais sobre os procedementos

CAPÍTULO I

Modificación da solicitude ou rexistro e rectificación de erros

Artigo 43. *Modificación da solicitude ou do rexistro da marca.*

1. A solicitude de modificación da solicitude ou rexistro da marca, conforme o previsto, respectivamente, nos artigos 23 e 33 da Lei 17/2001, deberá incluír:

- O número da solicitude ou rexistro da marca.
- O nome e o enderezo do solicitante ou titular da marca, conforme o disposto na alínea b) do artigo 1.1 deste regulamento.

v

c) Se se designase representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.

d) Se se trata dunha modificación da solicitude, a indicación do elemento desta que teña que ser modificado e a versión modificada do dito elemento.

e) Se se trata dunha modificación do rexistro, a mención do elemento do nome ou do enderezo do titular que teña que ser modificado na representación da marca e o elemento na súa versión modificada.

f) Cando a modificación afecte á representación da marca, a reprodución da marca modificada de conformidade co disposto no artigo 2 deste regulamento.

g) A sinatura do interesado ou do seu representante.

h) O xustificante do pagamento da taxa de modificación.

2. A solicitude de modificación presentárase ante o órgano que nese momento estea tramitando a solicitude de rexistro da marca. Cando a solicitude de modificación se refira a unha marca xa rexistrada, deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou o órgano competente da correspondente comunidade autónoma, que a remitirá á dita Oficina, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 33 da Lei 17/2001.

3. Se non se cumprisen os requisitos previstos na Lei 17/2001 e neste regulamento para a modificación da solicitude ou do rexistro da marca, notificaránselle ó solicitante as irregularidades ou os reparos observados e, se non se emendasen no prazo de dez días, a solicitude de modificación será denegada, continuándose a tramitación no caso de que a modificación solicitada se refira a unha solicitude de rexistro. Cando a modificación se refira a unha marca rexistrada, o acordo de denegación notificaráselle ó solicitante.

4. O órgano competente da comunidade autónoma que acordase a modificación solicitada, comunicarlle á Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo de cinco días contados desde a adopción do acordo, os datos da solicitude tal como quedasen modificados. A Oficina anotará as correspondentes modificacións nos asentos rexistrais.

5. Cando a modificación da solicitude da marca se refira á representación desta ou á lista de produtos ou servizos e se introducíse despois da publicación da solicitude, no acordo de resolución do expediente publicarase a reprodución da marca ou a lista de produtos e servizos tal como quedaran modificados. A modificación do rexistro da marca tamén será publicada conforme o disposto no artigo 33.2 da Lei 17/2001.

Artigo 44. *Rectificación de erros.*

1. As faltas de expresión ou transcripción e os erros materiais contidos na solicitude, rexistro da marca ou en calquera documento dirixido á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente da correspondente comunidade autónoma poderán ser rectificadas a pedimento do interesado. Non obstante, se a petición de rectificación tiver por obxecto o distintivo, a súa descrición, os seus elementos reivindicados ou a enumeración dos produtos ou servizos, a rectificación deberá ser de tal natureza que resulte evidente que o único texto que podería ter sido proposto polo interesado é o rectificado e sempre que isto non afecte substancialmente á identidade da marca ou ó ámbito da súa protección. A Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente poderán esixir probas adicionais cando dubiden, razoablemente, de que a rectificación solicitada constituía efectivamente un erro.

2. Cando nas resolucións, asentos rexistrais ou na publicación da solicitude ou rexistro se cometese algunha falta ou erro imputable á Oficina Española de Patentes e Marcas, esta corríxirao de oficio ou a pedimento do interesado. En caso de petición do interesado, a solicitude de corrección destas faltas ou erros non estará suxeita ó pagamento de ningunha taxa.

3. Serán aplicables ás rectificacións reguladas nos puntos anteriores as previsións establecidas no artigo 43 do regulamento en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou contrario ó disposto neste artigo.

4. A solicitude de rectificación de erros poderá comprender varias solicitudes ou rexistros da mesma persoa, cando o erro ou falta e a corrección solicitada sexan os mesmos. Neste suposto, deberán indicarse os números de tódalas solicitudes ou rexistros que deban rectificarse, aboándose a taxa correspondente por cada unha das solicitudes ou rexistros afectados.

Artigo 45. *Cambios de nome ou enderezo do interesado ou do representante.*

1. Cando non haxa cambio na persoa do titular ou solicitante da marca, pero si no seu nome ou enderezo, inscribírase o dito cambio no Rexistro de Marcas por solicitude do dito titular ou solicitante.

2. As solicitudes de cambio de nome ou enderezo deberán incluír:

a) O número da solicitude ou rexistro da marca.

b) O nome e o enderezo do solicitante ou titular da marca, tal como figuren no Rexistro de Marcas.

c) Se se designase representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto na alínea f) do artigo 1.1 deste regulamento.

d) A indicación do novo nome ou enderezo do solicitante ou titular da marca, tal como teña que inscribirse no Rexistro de Marcas tralo cambio producido.

e) A sinatura do interesado ou do seu representante.

f) Cando proceda, o xustificante de pagamento da taxa correspondente, prevista na tarifa 2.2 do anexo da Lei 17/2001.

3. Poderanse agrupar nunha única solicitude de cambio de nome ou enderezo tódolos rexistros ou solicitudes que pertencen ó interesado. Neste caso, deberán indicarse os números de tódalas solicitudes ou rexistros afectados, aboándose a taxa correspondente por cada un deles.

4. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas dubide, razoablemente, da veracidade do cambio de nome ou enderezo solicitados, poderá pedirle ó interesado a presentación das probas que acrediten este cambio.

5. Os puntos anteriores serán de aplicación ó cambio de nome ou enderezo do representante.

6. Os cambios no enderezo do solicitante ou titular da marca non estarán suxeitos ó pagamento de ningunha taxa.

7. Serán aplicables ós cambios de nome e enderezo regulados nos puntos anteriores as previsións establecidas no artigo 43 do regulamento en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou contrario ó disposto neste artigo.

8. O disposto nos puntos anteriores será aplicable, conforme a súa propia natureza, ós cambios de nacionalidade do solicitante ou titular da marca ou do estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.

CAPÍTULO II

División da solicitude

Artigo 46. *División da solicitude ou do rexistro da marca.*

1. Na contestación ó suspenso por defectos de forma, fondo ou oposicións, o solicitante poderá dividi-la súa solicitude de marca en dúas ou máis solicitudes divisionais. Tamén poderá dividirse a solicitude ó presentarse o oportuno recurso administrativo contra a denegación da marca ou cando se solicite unha transmisión parcial de acordo co previsto no artigo 31.2 deste regulamento. A solicitude de división presentárase ante o órgano que nese momento estivese tramitando a solicitude de rexistro ou que fose competente para resolve-lo recurso ou fose competente para recibila solicitude de transferencia, segundo proceda.

2. Por cada solicitude divisional resultante presentárase instancia separada, indicando os produtos e servizos que se desagregan da solicitude inicial e que conforman a solicitude divisional correspondente. Cada instancia de división irá acompañada das correspondentes solicitudes segregadas de rexistro coas mencións, requisitos e documentos que esixen os artigos 1 a 4 deste regulamento. Nas ditas solicitudes segregadas de rexistro indicarase ademais o seu carácter divisional e o número, data de presentación e clases da solicitude inicial de que proceden. O xustificante do pagamento da taxa de solicitude a que se refire o citado artigo 4 será substituído para as solicitudes divisionais polo xustificante de pagamento da taxa de división.

3. A lista de produtos e servizos das solicitudes divisionais non poderá exceder do total de produtos e servizos que comprenda a solicitude inicial dividida. Se na solicitude inicial se utilizase algún concepto xeral, nas solicitudes divisionais deberase utilizar ese mesmo concepto xeral, aínda que este poderá ser restrinxido mediante adicións que especifiquen os produtos ou servizos a que se concreta cada solicitude divisional, sen que en ningún caso poidan producirse superposicións entre elas.

4. Recibida a solicitude de división, o órgano competente examinará se esta se axusta ó previsto no artigo 24 da Lei 17/2001 e se cumpre os requisitos esixidos nos puntos anteriores. Se se observasen defectos ou irregularidades, notificaránselle ó solicitante para que no prazo dun mes os emende ou presente alegacións. Se os defectos non fosen emendados, a división terase por desistida, continuándose a tramitación do expediente inicial. Durante o procedemento de división, o procedemento de rexistro ou recurso quedará en suspenso conforme o previsto no artigo 26.c) da Lei 17/2001.

5. Acordada a división da solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente abrirá un novo expediente por cada solicitude divisional presentada e incluírá en cada solicitude divisional unha copia completa do expediente da solicitude inicial e neste expediente inicial unha copia das solicitudes divisionais presentadas. O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle inmediatamente á Oficina Española de Patentes e Marcas o expediente da solicitude inicial e da solicitude divisional non afectada polo suspenso, continuando coa tramitación da solicitude divisional afectada polo suspenso. A Oficina Española de Patentes e Marcas asignará un novo número a cada solicitude divisional e efectuará as anotacións rexistras pertinentes. O novo número da solicitude divisional será comunicado ó órgano competente da comunidade autónoma.

6. Toda solicitude, petición ou declaración feita polo solicitante en relación coa solicitude inicial será válida e aplicable ás solicitudes divisionais.

7. Os puntos anteriores serán aplicables, no que proceda, á división do rexistro da marca. A división do rexistro da marca, agás o previsto no artigo 31 deste regulamento, só poderá ser solicitada no procedemento de recurso contra a concesión da marca. Neste caso, a solicitude de división deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas como máis tardar no momento de contestar ó recurso interposto.

CAPÍTULO III

Restablecemento de dereitos

Artigo 47. *Solicitude de restablecemento de dereitos.*

1. A solicitude para o restablecemento dun dereito deberá presentarse no prazo de dous meses contado desde o cesamento do impedimento. A solicitude presentárase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou ante o órgano competente da comunidade autónoma fronte ó que se incumprise o prazo determinante da perda do dereito.

2. A solicitude de restablecemento deberá incluír:

- a) Nome e enderezo do solicitante ou titular da marca que se solicita o restablecemento.
- b) Se procede, nome e enderezo do representante.
- c) Prazo ou trámite incumprido.
- d) Se procede, acordo e data da extinción do dereito e da súa publicación ou notificación.
- e) Data de cesamento do impedimento.
- f) Motivos do incumprimento, xustificación, probas e alegacións en apoio da pretensión.
- g) Sinatura do interesado ou do seu representante.
- h) Xustificante do aboamento da taxa de restablecemento de dereitos.

3. Coa solicitude de restablecemento do dereito deberá cumprirse o trámite omitido, acompañándose a formalización do acto ou a solicitude, escrito ou documentación que se omitiu no seu día neste trámite e a ausencia do cal determinou a perda do dereito.

Artigo 48. *Exame e resolución da solicitude.*

1. O órgano competente examinará se a solicitude de restablecemento do dereito cumpre os requisitos previstos no artigo anterior e no punto 2 do artigo 25 da Lei 17/2001 e se o acto ou trámite omitido foi debidamente cumprido en tódalas súas formalidades ó presentarse a solicitude de restablecemento.

2. Se se observase algunha irregularidade ou defecto na documentación presentada, tanto respecto da solicitude de restablecemento como do cumprimento do trámite omitido, comunicaranse estes ó solicitante para que no prazo de dez días os emende. De non emendarse no dito prazo as irregularidades ou defectos sinalados, a solicitude de restablecemento darase por desistida.

3. Cando na documentación presentada non se observasen irregularidades ou defectos ou estes fosen emendados, o órgano competente examinará se, conforme o disposto nos puntos 1, 5 e 7 do artigo 25 da Lei 17/2001:

- a) Acreditouse a dilixencia debida nas circunstancias do caso.

v

b) O prazo incumprido é susceptible de restablecemento.

c) Non existe ningún dereito de terceiro que impida o restablecemento solicitado.

4. Efectuado o exame previsto no punto anterior, o órgano competente resolverá, estimando ou desestimando o restablecemento do dereito. Non obstante, se concorre o impedimento previsto na alínea c) do punto anterior, o órgano competente, antes de resolver, comunicará esta circunstancia ó solicitante e ó titular do signo presuntamente impeditivo do restablecemento solicitado para que no prazo dun mes presenten as súas alegacións. Á vista destas alegacións, o órgano competente resolverá. Contra a resolución que restableza nos seus dereitos ó solicitante poderá interpor recurso o terceiro que poida prevalecer das disposicións dos puntos 6 e 7 do artigo 25 da Lei 17/2001, de marcas.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará a súa resolución no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial.

6. Cando o órgano competente para resolve-la solicitude de restablecemento de dereitos sexa un órgano autonómico, este comunicarlle á Oficina Española de Patentes e Marcas a presentación da solicitude e a resolución definitiva que adopte.

CAPÍTULO IV

Notificacións e comunicacións

Artigo 49. *Notificacións e comunicacións da Oficina Española de Patentes e Marcas.*

1. As notificacións e comunicacións que teña que realiza-la Oficina Española de Patentes e Marcas efectuaranse mediante a entrega ou remisión do documento orixinal, unha copia deste asinada ou selada, ou un documento elaborado por ordenador que incorpore impreso o dito selo.

2. Ademais dos medios de notificación previstos no artigo 29 da Lei 17/2001, as notificacións poderán efectuarse nos locais da Oficina Española de Patentes e Marcas mediante entrega directa do documento ó interesado que xustificará a súa recepción.

3. Cando a notificación se efectúe mediante o depósito do documento na caixa de correos de que dispoña o interesado na Oficina Española de Patentes e Marcas, farase constar a data do depósito no documento notificado e na copia que figure no expediente.

4. As notificacións mediante telefax ou outros medios técnicos ou electrónicos de comunicación efectuaranse transmitindo o orixinal ou unha copia do documento tal como se prevé no punto 1. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei 17/2001, determinará os pormenores da dita transmisión, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado. As notificacións efectuadas telematicamente entenderanse practicadas conforme o previsto no artigo 59.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As comunicacións de carácter simplemente informativo que teña que realiza-la Oficina Española de Patentes e Marcas, poderán efectuarse por correo ordinario, electrónico ou outro medio técnico de que dispoña a Oficina.

tes e Marcas, poderán efectuarse por correo ordinario, electrónico ou outro medio técnico de que dispoña a Oficina.

Artigo 50. *Comunicacións dos interesados.*

1. As solicitudes de rexistro de marca, así como calquera outra solicitude prevista na Lei 17/2001 ou neste regulamento e tódalas demais comunicacións dirixidas á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órganos competentes das comunidades autónomas polos interesados efectuaranse mediante a presentación na dita Oficina ou órganos competentes ou nos lugares que prevé o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dun orixinal asinado do documento de que se trate.

2. Cando así se estableza, as ditas solicitudes e comunicacións tamén poderán efectuarse mediante a presentación do documento en soporte magnético ou electrónico ou mediante a súa transmisión por telefax ou outros medios electrónicos. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas establecerá as condicións, requisitos e características destes medios de presentación ou transmisión, tales como o equipo ou material que teñan que utilizarse, os pormenores técnicos de comunicación e os métodos de identificación do remitente, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o punto 4 do artigo 49 deste regulamento. A creación dun rexistro telemático para a recepción de solicitudes transmitidas por medios telemáticos axustarase ó disposto no artigo 38.9 da Lei 30/1992 antes citada.

Artigo 51. *Impresos normalizados.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas, ademais dos impresos normalizados previstos neste regulamento, poderá establecer outros para a presentación das demais solicitudes e comunicacións dos interesados. A aprobación de tódolos impresos efectuarase mediante resolución do director xeral da Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. Os interesados nos procedementos ante a Oficina Española de Patentes e Marcas deberán usar eses impresos normalizados, copias deses impresos ou impresos co mesmo contido e formato, tales como impresos creados mediante tratamento electrónico de datos.

3. Os impresos deberán ser cubertos de maneira que o seu contido poida ser introducido de forma automática nun ordenador mediante, por exemplo, o recoñecemento de caracteres e a lectura óptica.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas fará accesibles ó público os impresos normalizados a que se refire o punto 1 deste artigo mediante a súa posta á disposición en redes de comunicación telemática.

CAPÍTULO V

Rexistro de marcas e información ó público

Artigo 52. *Forma e contido do Rexistro de Marcas.*

1. O Rexistro de Marcas a que se refire o artigo 1 da Lei 17/2001, poderá levarse en forma de base de datos electrónica.

2. No Rexistro de Marcas inscribíranse, en relación coas marcas nacionais, marcas internacionais e nomes comerciais, as mencións seguintes:

- a) Número da solicitude de rexistro.
- b) Data de presentación da solicitude.
- c) Nome, enderezo e nacionalidade do solicitante ou titular do rexistro e o estado en que teña o seu domicilio, a súa sede ou establecemento.
- d) Nome e enderezo profesional do representante, sempre que non se trate do representante a que se refire o punto 3 do artigo 56 deste regulamento.
- e) A reprodución da marca ou do nome comercial, con indicacións relativas á súa natureza, a menos que se trate dunha marca ou nome comercial ó que se aplique o disposto no punto 1 do artigo 2 deste regulamento. Cando o rexistro sexa en cor, a mención en cor e a indicación das cores que compoñan o signo. Cando proceda, unha descrición do signo.
- f) A lista de produtos e servizos, agrupados conforme as clases da Clasificación Internacional. Cada grupo irá precedido do número da clase a que corresponda, figurando na orde seguida pola dita Clasificación Internacional.
- g) As indicacións relativas á prioridade unionista reivindicada.
- h) As indicacións relativas á reivindicación de prioridade de exposición.
- i) As indicacións relativas á reivindicación da antigüidade.
- j) A declaración do solicitante excluindo da protección solicitada algún dos elementos da marca ou nome comercial.
- k) A indicación de que se trata dunha marca colectiva, de garantía ou internacional.
- l) A indicación de que se trata dunha marca nacional por transformación dun rexistro internacional ou marca comunitaria e os datos relativos a estas solicitudes ou rexistros (data de presentación e número da solicitude ou rexistro).
- m) A indicación de que se trata dunha solicitude divisional e a data de presentación e número da solicitude ou rexistro de que procede.
- n) A indicación de que se trata dun rexistro fusionado e a data de presentación e números dos rexistros de que procede.
- o) Data do acordo de desistencia da solicitude e, se é o caso, da súa publicación.
- p) Data de publicación da solicitude.
- q) Os signos anteriores, identificados polo seu número de solicitude, respecto dos cales, en virtude do previsto no artigo 15.2 deste regulamento, se les comunicase a publicación da solicitude ós seus titulares.
- r) Data do suspenso e da súa publicación.
- s) Data do acordo de denegación ou concesión do rexistro e da súa publicación.
- t) Datos relativos á interposición e resolución dos recursos administrativos e xurisdiccionais.
- u) Datos relativos á subscripción dun convenio arbitral, ó laudo que recaia e, se é o caso, ós recursos interpostos contra este e ás resolucións adoptadas en relación con eles.

3. No rexistro de marcas inscribíranse tamén os seguintes datos:

- a) Toda modificación do nome, enderezo ou nacionalidade do titular ou solicitante do rexistro, ou do estado en que teña o seu domicilio, a súa sede ou establecemento.

- b) Toda modificación do nome ou do enderezo profesional do representante, agás cando se trate do representante a que se refire o punto 3 do artigo 56 deste regulamento.

- c) Cando se designe un novo representante, o seu nome e enderezo profesional.

- d) Toda modificación da marca ou nome comercial de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 17/2001.

- e) A mención da modificación do regulamento de uso das marcas colectivas ou de garantía de acordo co disposto, respectivamente, nos artigos 65 e 71 da Lei 17/2001.

- f) As solicitudes de transmisión total ou parcial da solicitude ou rexistro e a data de denegación ou concesión da inscrición.

- g) A constitución, modificación ou cesión dun dereito real e a data da denegación ou concesión da súa inscrición. No caso dunha hipoteca mobiliaria anotarase a data da súa inscrición no rexistro de bens mobles.

- h) As medidas de execución forzosa e os procedementos de quebra ou análogos.

- i) As solicitudes de inscrición, modificación ou cesión de licencias e a data de denegación ou concesión da súa inscrición.

- j) As solicitudes de cancelación das inscricións mencionadas nas alíneas g), h) e i) e a data de inscrición da súa cancelación.

- k) A solicitude de renovación do rexistro e a súa data de concesión ou denegación e publicación.

- l) A solicitude de renuncia do rexistro e da súa cancelación.

- m) A data do acordo de caducidade por falta de renovación e da súa publicación.

- n) As demandas polo exercicio de accións reivindicatorias, de nulidade e caducidade e as sentencias e demais resolucións xudiciais, de acordo co disposto nos artigos 2 e 61 da Lei 17/2001.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá inscribir no Rexistro de Marcas outras mencións, ademais das previstas nos puntos anteriores.

Artigo 53. *Publicidade.*

1. O Rexistro de Marcas é público. A publicidade farase efectiva mediante consulta á base de datos, obtención de listaxes informáticas ou certificación expedida polo funcionario competente.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá facilitar, con carácter gratuíto, a consulta pública da base de datos mediante a súa posta á disposición pública en redes de comunicación telemática.

3. A certificación será o único medio de acreditar fidedignamente o contido das inscricións rexistradas.

4. A certificación será solicitada polo interesado mediante a presentación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas do correspondente impreso normalizado no que se indicarán os particulares sobre os que debe versar esta. Cando se solicite unha certificación xeral sobre as inscricións rexistradas dunha marca ou nome comercial, esta poderá consistir na correspondente listaxe informática da base de datos certificada polo funcionario competente. Coa solicitude de certificación deberá acompañarse o xustificante de pagamento da taxa correspondente.

Artigo 54. *Consulta pública de expedientes.*

1. A consulta pública de expedientes efectuarase sobre os documentos orixinais ou copias destes. Cando

v
os expedientes se conservasen mediante soportes técnicos de almacenamento, a consulta pública efectuarase sobre estes medios técnicos. A Oficina Española de Patentes e Marcas establecerá a forma de levarse a termo a consulta. Ata que non se aboase a taxa correspondente, non se terá por presentada a solicitude de consulta pública.

2. Estarán excluídas de consulta pública as partes do expediente que o interesado manifestase, antes da presentación da solicitude de consulta pública, que se manteñan confidenciais, a menos que a consulta de tales partes do expediente estea xustificada por intereses lexítimos e preponderantes da parte que solicita a consulta.

3. Cando se solicite a consulta pública dun expediente de solicitude de rexistro aínda non publicada, a parte interesada na consulta deberá indicar e probar que o solicitante do expediente:

- a) Deu o seu consentimento, ou
- b) Pretendeu facer valer fronte á dita parte os dereitos derivados da súa solicitude.

4. A consulta terá lugar nos locais da Oficina Española de Patentes e Marcas.

5. Logo de solicitude, a consulta pública realizarase mediante a expedición de copias dos documentos do expediente. Para a obtención de tales copias deberá pagarse a taxa correspondente.

Artigo 55. *Conservación dos expedientes.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas conservará os expedientes relativos ás solicitudes e marcas e nomes comerciais rexistrados durante polo menos cinco anos contados a partir do final do ano en que:

- a) A solicitude fose denegada, desistida ou tida por desistida.
- b) O rexistro da marca ou nome comercial expirase totalmente de acordo co disposto na alínea a) do artigo 55.1 da Lei 17/2001.
- c) Se inscribise no rexistro a renuncia total á marca ou nome comercial de acordo co disposto na alínea b) do artigo 55.1 da Lei 17/2001.
- d) A marca ou nome comercial fosen totalmente cancelados do rexistro de acordo co disposto no punto 3 do artigo 61 da Lei 17/2001.

2. O director da Oficina establecerá a forma de conservación dos expedientes.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas conservará os expedientes de todos aqueles rexistros respecto dos cales se reivindicase a súa antigüidade nunha marca comunitaria, aínda que estes rexistros fosen renunciados ou os deixase extingui-lo seu titular unha vez rexistrada a marca comunitaria e en tanto en canto esta marca comunitaria continúe en vigor.

CAPÍTULO VI

Representación

Artigo 56. *Representación.*

1. Agás o disposto no punto seguinte, ninguén terá obriga de facerse representar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou os órganos competentes das comunidades autónomas. Pero se o enderezo do interesado se encontrase fóra do territorio español, deberase indicar un enderezo en España para efectos de notificacións.

2. Sen prexuízo do disposto no último inciso do punto seguinte, as persoas físicas ou xurídicas que non teñan nin domicilio nin establecemento industrial ou comercial efectivo e serio na Comunidade Europea deberán, conforme o disposto no artigo 155.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, facerse representar mediante axente da propiedade industrial en calquera dos procedementos establecidos pola Lei 17/2001 ou por este regulamento.

3. As persoas físicas ou xurídicas que teñan o seu domicilio ou un establecemento industrial ou comercial efectivo e serio na Comunidade Europea poderán actuar mediante un empregado destas, sempre que este empregado acredite ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou órganos competentes da comunidade autónoma correspondente o seu poder de representación e indique un enderezo en España para efectos de notificacións. O empregado dunha persoa xurídica das recollidas neste punto poderá actuar tamén en representación doutras persoas xurídicas que estean economicamente vinculadas con aquela, incluso se estas outras persoas xurídicas non tivesen nin domicilio, nin establecemento industrial ou comercial efectivo e serio na Comunidade Europea.

4. Para os efectos do disposto no artigo 1.1.f) deste regulamento, presumirase que o representante ten unha sucursal seria e efectiva no territorio da comunidade autónoma de presentación da solicitude, se ten un acordo de colaboración con outro representante ou se actúa por medio de empregados, auxiliares ou mandatarios, domiciliados calquera deles no territorio da referida comunidade autónoma.

Artigo 57. *Acreditación da representación.*

1. Os representantes deberán presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente da comunidade autónoma o correspondente poder asinado polo interesado para a súa inclusión no expediente. Os poderes poderán outorgarse para unha ou máis solicitudes ou para un ou máis rexistros identificados no poder.

2. Poderase presentar un poder xeral polo que se faculte o representante para actuar en relación con todas as operacións de marcas ou nomes comerciais do poderdante. A Oficina Española de Patentes e Marcas levará para estes efectos un rexistro de poderes xerais.

3. Cando se comunique á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente da comunidade autónoma a designación dun representante, o correspondente poder deberase presentar no prazo dun mes contado desde a recepción da dita comunicación, se o enderezo do poderdante se encontra dentro do territorio español, ou no prazo de dous meses, se tal enderezo se encontra fóra do dito territorio. No caso de que non se presentase o poder nos prazos prescritos anteriormente, o procedemento continuará co representado. Os actos realizados polo representante non acreditado, con excepción da presentación da solicitude de rexistro, teranse por non efectuados, se non son confirmados polo representado nos prazos anteriormente previstos. Todo isto entenderase sen prexuízo do disposto na última frase do punto 1 e no punto 2 do artigo 56 deste regulamento.

4. Todo representante que deixe de estar apoderado seguirá sendo considerado como tal ata que non se comunicase á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente a expiración do seu poder.

5. Agás que o propio poder dispoña outra cosa, a súa extinción polo falecemento do poderdante non lle impedirá ó apoderado realizar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou órganos competentes das comunidades autónomas os actos de conservación, defensa e mantemento das solicitudes e rexistros do poderdante que resulten imprescindibles ata a designación dun novo apoderado polos herdeiros daquel ou a comparecencia persoal destes.

Disposición adicional primeira. *Cumprimento de trámites.*

Para efectos do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 17/2001, entenderanse por trámites dun procedemento en materia de propiedade industrial calquera actuación relativa á súa solicitude, tramitación, oposición, renovación, reivindicación de prioridade, pagamento de taxas ou incluso formulación de recursos respecto de calquera modalidade de propiedade industrial. En consecuencia, as actuacións ou trámites con ese obxecto cun prazo que teña que expirar en sábado, poderán efectuarse validamente no primeiro día hábil seguinte a ese sábado.

Disposición adicional segunda. *Restablecemento de dereitos das demais modalidades de propiedade industrial.*

Os artigos 47 e 48 deste regulamento serán de aplicación, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou co disposto na disposición adicional sétima da Lei 17/2001, de marcas, ás patentes, modelos de utilidade, topografías dos produtos semiconductores e modelos e debuxos industriais e artísticos.

Disposición adicional terceira. *Cómputo de prazos.*

Sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira, os prazos establecidos neste regulamento computaranse conforme o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias aplicables ós rótulos de establecemento.*

1. Mentres dure a vixencia rexistral dos rótulos de establecemento serán aplicables a estes as disposicións do presente regulamento en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza, ou contrario ó réxime transitorio previsto na Lei 17/2001. En particular, seranlle aplicables o artigo 15.2, o capítulo IV do título II e o título IV deste regulamento.

2. De acordo co previsto na alínea a) do punto 2 da disposición transitoria terceira da Lei 17/2001, cando a renovación do rótulo de establecemento só comprenda municipios situados nunha única comunidade autónoma a solicitude de renovación presentarase ante os órganos competentes da dita comunidade autónoma. A solicitude de renovación presentarase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas cando comprenda os municipios das cidades de Ceuta ou Melilla ou cando, referíndose a calquera outro municipio, os órganos da comunidade autónoma que resultase competente non iniciasen as súas

actividades rexistrais, conforme o previsto na disposición transitoria quinta da citada lei.

3. A solicitude e procedemento de renovación axustaranse ó disposto nos artigos 26, 27 e 28 do regulamento, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou contrario ó disposto na Lei 17/2001 e nesta disposición. En particular non lle será aplicable á renovación dos rótulos de establecemento, o prazo de demora recollido no artigo 32.3 da citada lei, nin a indicación dos produtos ou servicios previstos na alínea g) do artigo 26.2 do regulamento, que deberá substituírse pola indicación dos municipios, sucursais e actividades concretas para as que se solicita a renovación.

4. Cando a competencia para resolver a solicitude de renovación corresponda ós órganos das comunidades autónomas, o xustificante de aboamento da taxa correspondente axustarase ó que aquelas dispoñan. Dentro dos cinco días seguintes á recepción da solicitude, o órgano competente comunicarlle á Oficina Española de Patentes e Marcas os datos da solicitude de renovación na forma prevista no punto 7 do artigo 5 deste regulamento. Unha vez resolta a solicitude de renovación, no mesmo prazo e do mesmo modo comunicáraselle á dita Oficina a resolución adoptada e, se é o caso, os recursos administrativos e xurisdiccionais que se interpoñan contra ela e a resolución que recaia sobre estes. A Oficina Española de Patentes e Marcas, por instancia do órgano competente, subministrará copia do expediente ou cantos datos se lle soliciten del.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación da Clasificación Internacional ós nomes comerciais renovados.*

1. De conformidade co previsto na disposición transitoria sexta da Lei 17/2001, na primeira renovación que se produza trala entrada en vigor da dita lei, os nomes comerciais concedidos baixo a lexislación anterior clasificaranse de acordo coa Clasificación Internacional de produtos e servicios.

2. A solicitude desta renovación axustarase ó previsto no artigo 26 do regulamento. Non obstante, nela deberá precisarse que se trata dunha primeira renovación con adaptación á Clasificación Internacional e indicarse os produtos ou servicios para os que se pide a renovación, agrupados segundo a clase a que pertenza da Clasificación Internacional, precedido cada grupo polo número da súa clase. A lista presentada non poderá incluír produtos ou servicios distintos dos comprendidos na lista de actividades protexidas polo nome comercial. Cando a lista de actividades conteña conceptos excesivamente xenéricos e totalmente indeterminados, haberá que prescindir deles na adaptación á Clasificación Internacional.

3. O procedemento de renovación axustarase ó disposto no artigo 28 do regulamento. Os defectos ou reparos observados na clasificación proposta polo interesado serán notificados a este, conforme o previsto no punto 1 do artigo antes citado. A Oficina Española de Patentes e Marcas, á vista da contestación do interesado, resolverá concedendo a renovación para os produtos ou servicios que considere correctamente clasificados, salvo que existan outras irregularidades non reparadas que impidan a concesión da renovación solicitada.

Disposición transitoria terceira. *Fusión de rexistros.*

1. Cando, conforme a disposición transitoria sétima da Lei 17/2001, se solicite, na primeira renovación que

se efectúe trala entrada en vigor da citada lei, a fusión nun único rexistro de varias marcas concedidas, o interesado deberá presenta-la solicitude de renovación de acordo co disposto no artigo 26 do regulamento. A solicitude de renovación deberá incluír ademais:

a) Unha mención indicando que se solicita a fusión de varias marcas nun único rexistro.

b) Os números dos rexistros de marca respecto dos que se solicita a fusión.

c) A mención dos produtos e servicios dos rexistros fusionados para os que se solicita a renovación, agrupados segundo a clase a que pertencen da Clasificación Internacional, precedido cada grupo polo número da súa clase e dispostos estes correlativamente seguindo a orde numérica da dita Clasificación. Esta enumeración dos produtos e servicios efectuarase aínda no caso de que a renovación se solicite para tódolos produtos e servicios protexidos polos distintos rexistros fusionados.

2. O procedemento de renovación axustarase ó disposto no artigo 28 do regulamento. Non obstante, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará ademais se a fusión solicitada cumpre os requisitos previstos na disposición transitoria sétima da lei e nesta disposición. Se se observase algún defecto ou reparo, serán notificados ó interesado de acordo co disposto no punto 1 do artigo 28 antes citado.

3. Se os defectos ou reparos relativos á solicitude de fusión non fosen emendados no prazo prescrito, a fusión será denegada. Non obstante, non se denegará a renovación solicitada se esta cumpre os requisitos legalmente previstos respecto dos rexistros para os que se solicitou a fusión. Neste suposto, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle ó interesado a denegación da fusión e a concesión da renovación respecto dos rexistros que procedan. Nos expedientes destes rexistros incorporárase unha copia da solicitude de renovación presentada e da resolución adoptada.

4. Cando se conceda a renovación e fusión solicitada, abrírase un novo expediente no que se incorporarán os expedientes dos rexistros fusionados, asignando un novo número ó rexistro fusionado resultante. A Oficina Española de Patentes e Marcas, así mesmo, efectuará as anotacións rexistrais pertinentes, cancelando cada un dos rexistros fusionados, indicando o motivo desta cancelación e o número do expediente en que foron incorporados.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14077 *REAL DECRETO 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.* («BOE» 169, do 16-7-2002.)

O Regulamento (CEE) 2075/1992 do Consello, do 30 de xuño, polo que se establece a Organización Común de Mercados (OCM) no sector do tabaco cru, establece un réxime de primas, un réxime de control da produción, medidas de orientación da produción, un réxime de intercambios con países terceiros e medidas de control. O Regulamento (CE) 1636/1998 do Consello, do 20 de xullo, reforma substancialmente a organización común de mercados do sector de tabaco cru co fin de

fomenta-la mellora da calidade e o valor da produción comunitaria do sector, garantindo, ó mesmo tempo, o apoio á renda dos produtores. O Regulamento (CE) 546/2002, do 25 de marzo, polo que se fixan, por grupos de variedades e por estados membros, as primas e os limiares de garantía do tabaco en folia para as colleitas de 2002, 2003 e 2004 e se modifica o Regulamento (CEE) 2075/1992, recolle, como unha das modificacións citadas, a posibilidade de creación ou non, por parte de cada estado membro, dunha reserva nacional de cotas, antes obrigatoria.

O Regulamento (CE) 2848/1998 da Comisión, do 22 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) 2075/1992 do Consello no que respecta ó réxime de primas, ás cotas de produción e á axuda específica que se concede ás agrupacións de produtores no sector do tabaco cru, foi modificado polo Regulamento (CE) 1441/2001 da Comisión, do 16 de xullo, que determina o importe que se lles deberá pagar ós produtores as cotas dos cales se readquiran para a colleita de 2001 e seguintes. Así mesmo, o Regulamento (CE) 486/2002, do 18 de marzo, modifica o citado Regulamento (CE) 2848/1998, no que respecta ó establecemento de determinadas datas límite no sector do tabaco cru para a colleita 2002.

A prima comprende unha parte fixa, unha parte variable e unha axuda específica. A relación entre a parte variable e a prima pode variar segundo os grupos de variedades de tabaco, a colleita e os estados membros de produción. A parte fixa da prima débese pagar a tódolos produtores pola cantidade de tabaco en folia entregada á empresa de primeira transformación, de acordo co contrato celebrado, independentemente da calidade do produto, a condición de que se respecte a calidade mínima. Con obxecto de fomenta-la mellora da calidade e o valor da produción de tabaco, establécese que as agrupacións de produtores paguen a parte variable da prima ós seus membros, comparando no seo da agrupación o prezo de mercado obtido por cada lote entregado por cada produtor individual membro da agrupación.

As agrupacións de produtores reciben a axuda específica equivalente ó 2 por 100 da prima, que se debe utilizar non soamente para realizar correctamente as novas tarefas de xestión que lles incumben, senón tamén para financiar medidas dirixidas a mellora-lo respecto ó ambiente, para o cal se definiron novas condicións para que as agrupacións de produtores poidan ser recoñecidas. Así mesmo, co fin de garantir que se teñan en conta as esixencias de saúde pública e respecto ó ambiente, aumentouse a dotación do Fondo do Tabaco mediante unha retención equivalente ó 2 por 100 da prima para a colleita de 2002 e un 3 por 100 da prima para a colleita de 2003, todo isto consonte o disposto no Regulamento (CE) 546/2002.

Para evitar que se superen os limiares de garantía asignados a España, que fixa o Consello para tres colleitas consecutivas, a distribución das cotas de produción de tabaco entre os produtores será realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o que permitirá utilizar ó máximo os recursos postos ó dispor dos estados membros cando non se utilicen as cotas dos produtores na data fixada para a súa contratación, e cando non se distribúan inicialmente a totalidade das cotas. Tamén, cando a situación do mercado o requira, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de conformidade coas comunidades autónomas, poderá propor á Comisión a modificación dos limiares de garantía para unha colleita determinada, mediante a transferencia de cantidades do limiar de garantía dun grupo de variedades a outro, verificándose que non se produza gasto suplementario a cargo do FEOGA. Así mesmo, as